



DATOS IDENTIFICATIVOS

Gramática do español

Materia	Gramática do español			
Código	V01G400V01917			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, María Rosa			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	O obxectivo da materia é profundar no estudo da análise sintáctica, de modo que o alumnado sexa capaz de recoñecer e analizar diferentes tipos de secuencias en español, así como comprender e utilizar os recursos de construción de textos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
C1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Recoñecer e ser capaces de analizar oracións de distintos tipos.

A1 B1 C1 D1
 A2 B2 C1 D1
 A2 B5 C2 D2
 A3 B6 C2 D2
 A4 B7 C3 D3
 A5 C5 D3
 A5 C5 D6
 D8
 D10
 D11
 D12

Coñecer os distintos tipos de construcións compostas por oracións.

A1 B1 C1 D1
 A2 B2 C2 D2
 A5 B2 C5 D3
 B7 D6
 B11 D8
 B12 D11
 B13
 B15
 B16
 B25
 B26

Coñecer a estrutura e as relacións (temporais, aspectuais, modais,) das construcións gramaticais

A1 B1 C1 D1
 A2 B2 C2 D2
 A5 B7 C5 D3
 D6
 D8
 D10
 D11

Contidos

Tema

1. Introducción. A análise sintáctica	1.1. A xerarquía das unidades 1.2. Relacións e funcións 1.3. Representación gráfica da análise sintáctica
2. A frase	2.1. Estrutura da frase 2.2. Tipos e subtipos de frase
3. A cláusula e a oración	3.1. Cláusula vs. oración. 3.1.1. Cláusula simple e cláusula complexa. 3.1.2. A subordinación substantiva e adxectiva. 3.1.3. A subordinación adverbial. Subordinadas adverbiais propias e impropias. 3.2. As funcións da cláusula.
4. Estructuras coordinadas	4.1. A coordinación como tipo de construción 4.2. A coordinación en español 4.3. Coordinación e elipsis

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	30	60	90
Resolución de problemas	36	77	113
Traballo tutelado	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	3	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Actividades introdutorias: Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Recoméndase vivamente ao alumnado de réxime semipresencial que, de non poder asistir a esta sesión, na que se proporcionará información sobre o desenvolvemento e planificación do curso, póñanse en contacto coa docente por correo electrónico canto antes para tratar estes asuntos.

Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que o estudante ten que desenvolver. O alumnado de réxime semipresencial terá acceso aos materiais necesarios a través da plataforma de teledocencia.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Os alumnos e alumnas deben desenvolver as solucións apropiadas ou correctas mediante a aplicación de diferentes rutinas ou procedementos. O alumnado de réxime semipresencial poderá acceder aos exercicios que se traballaron nas clases prácticas a través da plataforma de teledocencia; poderá entregalos para a súa corrección e comentario, cando cumpra, a través dos medios dispostos (plataforma, correo electrónico, etc.) nos prazos que se determinen.
Traballo tutelado	A alumna ou alumno, de maneira individual, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao na resolución das actividades e exercicios que se propoñan.
Traballo tutelado	A docente, tanto presencialmente (nas sesións prácticas e nas horas de titorías) como non presencialmente (por correo electrónico), atenderá ao alumnado e guiarao e supervisará na preparación dos traballos tutelados.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Presentación de exercicios breves ao longo do curso.	30	
Traballo tutelado	Presentación dun traballo escrito sobre un tema relacionado coa materia.	30	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame: pregunta(s) aberta(s) sobre temas do programa.	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame: exercicios, actividades e problemas.	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Avaliación continua

Non se esixe asistencia a clase para acollerse ao sistema de avaliación continua. Recoméndase, con todo, a todo o alumnado, que asista as clases na medida das súas posibilidades. É responsabilidade do alumnado, tanto presencial como semipresencial, asista ou non ás clases, manterse ao tanto da materia (e das novidades ou axustes que se poidan producir ao longo do curso) a través do contacto coa docente e da plataforma MOOVI.

A avaliación estrutúrase en tres partes: 1. Presentación de exercicios breves (30%) 2. Traballo escrito (30%) 3. Exame (40%). Neste exame, que terá lugar na data previstano calendario oficial da Facultade, concéntranse as partes da avaliación definidas como "exame: preguntas abertas" e "exame: exercicios, actividades e problemas".

A información sobre as datas de entrega dos traballos e presentación oral, así como as instrucións para abordalos, estará dispoñible en MOOVI.

Avaliación única

O alumnado que opte pola avaliación única deberá superar as tres partes da avaliación (exercicios breves, traballo escrito e exame) na data oficial de exame sinalada pola Facultade. O alumnado que opte por este sistema deberá comunicalo por escrito (correo electrónico) á docente antes do 1 de outubro. De non comunicar nada, enténdese que se opta por avaliación continua.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Quen non alcancen o aprobado na primeira oportunidade poderán presentarse en xuño ou xullo, na data oficial correspondente. Nesta ocasión a avaliación consistirá nun exame teórico-práctico que valerá o 100% da nota.

IMPORTANTE

Para aprobar a materia é requisito indispensable obter unha cualificación de polo menos 4 puntos no exame. De non cumprirse este requisito, aínda que a suma das partes alcance ou supere o 5 (sobre 10), a alumna ou alumno non superará a materia. Nas probas de avaliación non só se terá en conta a adecuación e calidade dos contidos, senón tamén a corrección lingüística e o rigor académico. No caso de que se detecte copia ou plaxio nalgunha proba, esta squalificarse cun cero. O alumnado erasmus interesado en cursar a materia deberá ter presente que resulta altamente recomendable ter un nivel de lingua española igual ou superior a C1.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bosque & Demonte, **Gramática descriptiva de la lengua española**, Gredos, 1999

RAE & ASALE, **Nueva gramática de la lengua española**, Espasa, 2009

Gómez Torrego, **Gramática didáctica del español**, SM, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumnado debe responsabilizarse de consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI, onde a docente irá pondo á súa disposición os temas e exercicios que se vaian traballando en clase.

O alumnado semipresencial debe tomar contacto coa docente ao comezo do curso (pode ser por correo electrónico) e debe manter este contacto de forma regular a través dos medios dispoñibles (fundamentalmente, correo electrónico e asistencia a titorías individuais).
